



DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

Área: Tesourería e Xestión de Tributos
Servizo: Recadación
Sección: Sección de Recadación Executiva
Ref.: Negociado de Contabilidade
Expte.: 2023000000270

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PROCEDE A NOMEAR Á COMISIÓN DE CONTROL INTERNO CO FIN DE REALIZAR A COMPROBACIÓN DÁS OPERACIÓNS DE RECADACIÓN LEVADAS A CABO POLO SERVIZO DE RECADACIÓN E POLAS OFICINAS DE ZONA NO EXERCICIO 2022.

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Co obxecto de realizar a comprobación material e técnica das operacións recadatorias levadas a cabo polas oficinas de zona durante o exercicio 2022, cuxa información debe integrarse nos estados de contas anuais das entidades locais ós que se refiren os art. 208 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Constituir unha Comisión de Control interno para levar a cabo os traballos de comprobación dos estados de situación presentados polos recadadores das zonas e das operacións de recadación correspondentes ao exercicio 2022 integrada polos seguintes funcionarios:

POR FISCALIZACIÓN:

D. José María Pérez Alvariño (Viceinterventor).
D. Miguel Pérez Boga (Xefe de Sección de Control II del Servicio de Fiscalización).

POR TESOURERIA - RECADACIÓN:

Dña. Ana María Fernández Rodríguez (Vicetesoureira).
D. Alfonso J. Reguera Galán (Xefe Negociado de Contabilidade do Servizo de Recadación).

SEGUNDO: A Comisión de Control Interno deberá realizar as seguintes tarefas:

1) Examinar os expedientes de maior importe que figuren pendentes nas oficinas recadatorias. Para ese efecto, con anterioridade, solicitarase aos responsables das zonas unha relación dos expedientes tramitados ou en trámite durante o exercicio 2022.

2) Así mesmo, examínanse mediante mostraxe, os valores máis antigos. A tal obxecto, con anterioridade, solicitarase, como no caso anterior, aos responsables de zona, unha relación dos citados valores por orden de antigüidade, iniciados ou tramitados no exercicio 2022.

3) Tamén se revisarán expedientes que fosen obxecto de revisión en anteriores visitas, co fin de comprobar e analizar as posibles actuacións que se efectuaron posteriormente.

4) Revisaranse a totalidade dos expedientes procedentes de actuacións de control financeiro de subvencións.

O calendario de visitas ás zonas recadatorias terá lugar durante os tres primeiros trimestres do ano 2023, e poderase modificar sempre tendo en conta as necesidades dos respectivos Servizos e das Zonas Recadatorias.

A Comisión de Control Interno, de ser este o seu criterio, propoñerá a aprobación dos estados auditados, fará mención das incidencias detectadas durante a comprobación e recollerá as propostas de mellora que estime oportunas no seu informe.

TERCEIRO: A Tesourería e a Intervención Provincial coordinarán o funcionamento da mencionada Comisión.

CUARTO: Estes traballos integraranse e formarán parte do Plan de Control Financeiro do ano 2023 ao que se refire o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico de control interno nas Entidades do Sector Público Local e a Base 37ª de execución do orzamento provincial para o ano 2023.

QUINTO: O resultado dos traballos da Comisión de Control Interno e o seu informe remitirase á Presidencia e ao Pleno da Corporación como parte integrante do Plan de Control Financeiro do exercicio 2023.